Universida de Vigo

EIDO
Escola Internacional de Doutoramento

Anexo a o edificio de Xerencia
e Servizos Centrais, 1º andar
Campus universitario
36310 Vigo
España

Tel. 986 813 442

eido.uvigo.es
eido@uvigo.es

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE DA ESCOLA INTERNACIONAL DE DOUTORAMENTO

**Lugar**: sala virtual nº 14 da EIDO no Campus Remoto
**Data**: 15 de xullo de 2021
**Hora de comezo**: 11:00 h
**Hora de remate**: 11:45 h

ASISTENTES

Antonio Pino García (director da Eido), presidente
José Luis Gómez Reboiro (xefe do Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao)
Joaquín Collazo Rodríguez (director da Área de Calidade)
María Asunción Longo González (responsable de calidade dos PD do ámbito Enxeñaría e Arquitectura)
Pedro Pablo Gallego Veigas (responsable de calidade dos PD do ámbito Científico)
María Paloma Morán Martínez (responsable de calidade do PD do ámbito Campus do Mar)
Susana Reboreda Morillo (responsable de calidade dos PD do ámbito Humanístico)
Juan Jesús Rico Fuentes (alumno)
Marcos Arias Acuña (subdirector da Eido), secretario

INVITADOS

José Miguel Dorribo Rivera (técnico superior de calidade da Área de Calidade)

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da metodoloxía de implantación do SGC de doutoramento

DELIBERACIÓNS

**1 Aprobación, se procede, da metodoloxía de implantación do SGC de doutoramento**

O subdirector da EIDO e o técnico superior de calidade presentan a metodoloxía para implantar o SGC de doutoramento.

Esta implantación estará orientada aos procesos de funcionamento e terá especial consideración coas cuestións ligadas á sostibilidade (responsabilidade social e sostibilidade medioambiental).

Descríbense as fases previstas.
Os procesos que están contidos dentro do SGC agruparanse en 12 bloques que serán tratados por 12 grupos de traballo durante o curso 2021/22. Esta implantación pretende ser dinámica e aberta as novas ideas e ás boas prácticas xa feitas nos programas de doutoramento, centrada nos obxectivos de calidade do SGC e tendo en conta o plan de acción aprobado polo Comisión de Calidade e o Comité de Dirección na Memoria de Calidade 2019/20. Terá en conta os comentarios feitos polos avaliadores dos procesos de seguimento e renovación da acreditación.

Cada grupo estará formado polo subdirector da EIDO, o xefe do Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao, o técnico superior de calidade da Área de Calidade, as Vicerreitorías ou Servicios con competencias no proceso, entre 2 e 4 coordinadores ou responsables de calidade e entre 1 e 3 estudantes (para dar o enfoque do usuario).

Cada grupo de traballo reunirase dúas veces (máximo 3 se é necesario) virtualmente. A primeira reunión será de recepción de información e análise e a segunda de toma de decisións.

Tras esta fase será necesario dar a coñecer aos outros programas de doutoramento ou outros actores afectados (PAS por exemplo) os resultados dos grupos de traballo dando tanto formación como sensibilización na temática abordada en cada proceso. O proceso de implantación por cada PD e de supervisión está descrito no Anexo I.

Posto que a Comisión de Calidade ten un rol clave nesta implantación do SGC previsiblemente será necesario aumentar a súa frecuencia de reunións (case mensual).

A responsable de calidade do PD do ámbito Campus do Mar suxire revisar o control das actividades formativas porque adoita ser un tema recorrente nas renovacións de acreditación. Tratarase no proceso correspondente.

O estudante suxire que no caso do estudantado os grupos de traballo estean abertos a todo o estudantado, ou polo menos a claustrais, por maximizar a cantidade de persoas voluntarias

A responsable de calidade dos PD do ámbito Enxeñaría e Arquitectura pregunta o prazo en que debe facerse esta implantación. Respóndelle o subdirector que deberíamos rematar o proceso antes de setembro de 2022.

Apróbase por asentimento a metodoloxía de implantación do SGC de doutoramento.

Apróbase por asentimento que o primeiro grupo de traballo sexa o de Información Pública, para o que se ofrecen como voluntarios Paloma Morán, Asunción Longo e Arquitectura e Susana Reboreda, así como Juan Jesús Rico (que tratará de invitar a algún outro estudante).

ACORDOS

1 Apróbase a metodoloxía de implantación do SGC de doutoramento que se recolle no Anexo I

2 Apróbase crear o grupo de traballo para o proceso de *Información Pública*.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto esta acta como secretario.

O secretario,

Visto e prace
O presidente

# ANEXO I

## METODOLOXÍA DE IMPLANTACIÓN DO SGC DE DOUTORAMENTO

# Sistema de Garantía de Calidade en Doutoramento

## Implantación 2021

15.07.2021

Área de Calidade

# SGC Doutoramento



## Datas clave:

- 27.04.**2017** Constitución da **Comisión de Calidade da Eido**
- **2017-2018** Deseño dos procesos
- 13.12.**2018** Validación do SGC - Comisión de Calidade da Eido
- 17.12.2018 Aprobación SGC – Comité de Dirección
- Xullo **2019** Avaliación deseño ACSUG (FAVORABLE)
- **Implantación 2019/20 → 2020/21…**
- Marzo 2021 1ª Memoria de Calidade



# Escenario




HR EXCELLENCE IN RESEARCH



# Escenario


HR EXCELLENCE IN RESEARCH
Deseño do SGC
Política de Calidade
Certificación (ACSUG) 2019
Obxectivos de Calidade
2019-2021
Plan de Mellora
Memoria de Calidade
Plan 2021 - 2022
Estándares de Sostibilidade
(A8)
Sistema de Garantía de Calidade Sostible

# Orientación




Sistema de Garantía de Calidade Sostible



# Procesos



# Orientación

# Procesos




Sistema de Garantía de Calidade Sostible






- Temáticas comúns
- Relevancia
- Oportunidade

# Orientación




Sistema de Garantía de Calidade Sostible

## Procesos



En cada proceso:

**Implantar**

- **Trasladar á realidade diaria o deseño aprobado**
- Axustar actividades
- Axustar responsabilidades
- Axustar ferramentas / infraestrutura
- Axustar documentos
- …

**Grupo de proceso**

- Representativo (Eido, Comisión Calidade, servizos…) máx 10-12 persoas
- Responsable da implantación
- Enfoque de usuario (estudantes)




Sistema de Garantía de Calidade Sostible

# Orientación
# Procesos



**I Identificar e analizar**

Analizar a situación e organizar a implantación
Aspectos clave
Aspectos con máis dificultades
Cambios relevantes (novas actividades)
Avaliacións externas
Funcionamento actual (harmonización, boas prácticas)
Obxectivos de Calidade relacionados

**II Presentar e dinamizar**

Sensibilizar
Dar pautas para implantar

**III Aplicar e desenvolver**

Aplicar o procedemento
Accións relacionadas (Plan de Mellora)

**IV Supervisar e optimizar**

Acompañar
Resolver incidencias
Tratar problemáticas particulares
Control dos resultados

# Orientación




Sistema de Garantía de Calidade Sostible



# Procesos

Programación temporal (2021/22...)

Grupo: 1 mes – 1 temática

2/3 reunións

Piloto: *Información Pública*

Destinatarios (CAPD, servizos, outros actores…)

Posibles agrupación temáticas

Reunións bimestrais ou trimestrais

Virtualidade

Ferramentas colaborativas

# Estrutura de Calidade na Eido




Sistema de Garantía de Calidade Sostible






Sistema de Garantía de Calidade Sostible

## Orientación

# Procesos



Condicionantes (1…):

-Formación e sensibilización
- Necesidades: identificación?
- Programación de actividades
- Temáticas
- Asistentes

- Rol dos membros da Comisión de Calidade
  - Elementos clave
  - Participación activa (contribucións individuais)

-Participación e apoio institucional
- Vicerreitorías, unidades e servizos
- Expertos en temáticas

# Orientación




Sistema de Garantía de Calidade Sostible

# Procesos



<u>Condicionantes (...e 2)</u>:

-Dinamismo

Aplicación de novas prácticas e ideas

Relación entre os actores-doutoramento e con outros

# Obxectivos




Sistema de Garantía de Calidade Sostible



## Obxectivos de Calidade OC



# Obxectivos




Sistema de Garantía de Calidade Sostible



## OC7

7 Obter a certificación ~~de deseño~~ do sistema de garantía de calidade da Eido.

| Metas | | |
|---|---|---|
| 2019 | 2020 | 2021 |
| Certificación do deseño | Implantación e mellora | Certificación da implantación |

# Certificación da implantación




Sistema de Garantía de Calidade Sostible






**ANECA/AGENCIAS DE CC.AA.**

| Fases AUDIT | Resultados |
|---|---|
| ORIENTACIONES PARA EL DISEÑO DEL SGIC | • Guía para el **diseño** del Sistema de Garantía de la Calidad (SGIC) de la formación de los titulados.<br>• Publicación y difusión de la Guía para el **diseño** del SGIC de la formación universitaria.<br>• Publicación Convocatoria para el **diseño** del SGIC. |
| VERIFICACIÓN DEL DISEÑO DEL SGIC | • Guía para la **Verificación** del diseño de SGIC.<br>• Publicación y difusión de la Guía<br>• **Verificación** del diseño del SGIC de los Centros.<br>• Elaboración informe de Verificación del diseño del SGIC. |
| CERTIFICACIÓN DE LA IMPLANTACIÓN DEL SGIC | • Guía para la **Certificación** del SGIC.<br>• Publicación y difusión de la Guía.<br>• **Certificación** del SGIC.<br>• Elaboración informe de **Certificación** del diseño del SGIC. |

**CENTROS/UNIVERSIDAD**

| Fases de Diseño y Desarrollo | Resultados |
|---|---|
| COMPROMISO | • Establecimiento del compromiso formal de la Universidad y del Centro con el SGIC. |
| PLANIFICACIÓN | • Planificación de las etapas a seguir en el desarrollo del SGIC. |
| DIAGNÓSTICO | • Informe del análisis de las necesidades en relación con las actividades de garantía de calidad. |
| DEFINICIÓN Y DOCUMENTACIÓN | • Definición de:<br>○ política y objetivos de calidad<br>○ contexto para la implantación del SGIC<br>○ grupos de interés hacia los que está orientado el SGIC.<br>○ alcance del SGIC<br>○ procesos para el despliegue del SGIC. |
| PARTICIPACIÓN EN LA VERIFICACIÓN | • Remisión de la documentación para la verificación del diseño del SGIC.<br>• Recepción del Informe de verificación. |
| MEJORA Y DESPLIEGUE | • Mejora del SGIC.<br>• Implantación del SGIC optimizado en la fase de diseño.<br>• Publicación de información referente al SGIC del Centro |
| PARTICIPACIÓN EN LA CERTIFICACIÓN | • Remisión de la documentación para la certificación del SGIC.<br>• Recepción del Informe de certificación. |

O proceso culmina coa CERTIFICACIÓN externa



Calidade en Doutoramento uvigo.gal/universidade/calidade




Sistema de Garantía de Calidade Sostible

# e a Sostibilidade?



-Enfoque de xestión

ISO 26000 RS
ISO 14001 MedioAmbiente
ISO 50001 Xestión Enerxética
GRI Memorias de Sostibilidade

- Contribución á Axenda 2030/ODS

PE UVigo?

-Enfoque de actividades e servizos

Infraestrutura, actividades, prestación de servizos sostibles
Economía circular

UniversidadeVigo Área de Calidade




Sistema de Garantía de Calidade Sostible

# e a Sostibilidade?



-Cuestión:

Indicadores de sostibilidade en

- ✓ Sistema de Garantía de Calidade Sostible
- ✓ Seguimento e acreditación dos PD

# Grazas!

José Miguel Dorribo
Técnico superior de Calidade
tscalidade3@uvigo.es

uvigo.gal/universidade/calidade

UniversidadeVigo

Área de Calidade